



O salario mínimo interprofesional para o ano 2009 incrementábase nun 4% (624 euros mensuais)

Lei de Participación Institucional



Os acordos de Diálogo Social comprometidos para esta lexislatura culminan coa aprobación da Lei de Participación Institucional

- ▶ O conselleiro de Traballo destaca que o novo texto afonda na "modernización das relacións laborais" de Galicia e "dignificación da relación dos axentes económicos e sociais coa Administración"
- ▶ Subliña que o consenso conseguido no Parlamento para a súa aprobación reflicte a cultura coa que leva traballando o seu departamento na presente lexislatura
- ▶ Xa son 4 as leis impulsadas por Traballo e aprobadas neste período: a Lei do Traballo en Igualdade, a Lei de creación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), a que regula o Consello Galego de Relacións Laborais e a que hoxe superou por unanimidade o trámite parlamentario, sobre a participación institucional

12

Sumario

Diálogo Social	2-3	Informe para rexistrado	6-7
Salario mínimo interprofesional	3	Bits	7
Consello Galego de Relacións	4	Normativa	8-12
Inspección de Traballo	5	Publicacións	12

XX Aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais



O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presidiu o acto de conmemoración do XX Aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais

14

INFORME DO PARAO REXISTRADO

Galicia remata o ano 2008 sendo a Comunidade Autónoma con menor incremento interanual do paro rexistrado

- ▶ O aumento interanual do paro rexistrado en Galicia é a metade que a media do Estado: un 22,5% fronte un 46,9%
- ▶ Sobre novembro de 2008 Galicia rexistrou un incremento do paro de 9.083 persoas, ata situar a cifra do paro en 189.903
- ▶ A media anual de 2008 experimentou dende decembro de 2004 unha redución de 14.356 demandantes, fronte o incremento estatal de 393.437
- ▶ A Comunidade galega representa o 6,07% sobre o total do paro rexistrado no Estado, fronte o 7,28% de 2007 ou o 8,74% de 2004
- ▶ En Galicia rexistráronse en decembro 50.420 contratos, dos que un 10,2% foron indefinidos

16

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, entrevistou no pleno do Parlamento tras o debate e votación do ditame do proxecto de Lei de Participación Institucional



Santiago, 17 de decembro de 2008.- O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, manifestou que os acordos de Diálogo Social comprometidos para esta lexislatura culminan coa aprobación por unanimidade da Lei de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas da Comunidade galega. Varela sinalou que o consenso co que o texto legal recibiu o visto bo parlamentario "reflicte a cultura coa que dende Traballo tratamos de traballar todo este período: a cultura de consenso, de busca de solucións plantexadas entre todos".

Ao seu xuízo, a lei "non é máis que o recoñecemento ao labor das

organizacións sindicais e empresariais", pois "determina o papel imprescindible que deben xogar nunha sociedade democrática". Afirmou que o texto incide "na modernización das relacións laborais" e na "dignificación da relación das organizacións coa Administración, que non será dadivosa, senón recoñecida".

O responsable de Traballo destacou o cumprimento da Consellería a este respecto na presente lexislatura, coa promulgación de catro leis: a Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, a Lei de creación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), a que regula o

Consello Galego de Relacións Laborais e a que hoxe superou por unanimidade o trámite parlamentario.

Asemade, salientou a "vía convencional" empregada en tres destes procesos, a diferenza da "orixe clásica" das leis que se debaten no Parlamento (por iniciativa lexislativa, popular ou do Executivo). "É un modelo novo, que afonda na democracia do noso país", resaltou.

A Lei de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas da Comunidade galega é un dos nove pactos que constitúen o Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego, acadado no seo do proceso de Diálogo Social en Galicia. Estes pactos representan e constitúen os piares fundamentais das propostas de acción e dos obxectivos do Goberno galego. En Galicia a participación das organizacións máis representativas na xestión dos asuntos de relevancia pública ponse de manifesto polo recoñecemento da súa presenza nos órganos de asesoramento e participación da Administración.

A participación institucional, tal e como se recolle no texto da lei, é o exercicio de tarefas e actividades de promoción e defensa dos intereses xerais, comúns, sectoriais e intersectoriais, que corresponden a todos os traballadores e empresarios, nos órganos de asesoramento e participación da Administración autonómica, así como nas entidades e organismos públicos dependentes.

Nese senso, o obxectivo desta lei é fixar os criterios para determinar a participación das organizacións sindicais nos órganos de asesoramento e participación de Galicia, dado que nestes momentos, non existen uns criterios mínimos e homoxéneos para

todas as consellerías que regulen esta participación. Polo tanto, considerase necesario ditar unha lei que regule e ordene os criterios para determinar a participación das organizacións sindicais nos órganos de asesoramento e participación de Galicia.

Nese senso, o obxectivo desta lei é regular os correspondentes mecanismos de avaliación, seguimento e control, para que a xestión das compensacións previstas para fomentar o dereito de representación institucional se realice con total transparencia. Esta representación institucional levarase a cabo mediante a súa presenza obrigatoria nos órganos de asesoramento e participación da Administración.

Criterios de representatividade

Para determinar o número de representantes das organizacións sindicais e empresarias nos organismos públicos de Galicia aplicarase o criterio de maior representatividade no ámbito autonómico e de paridade entre as representacións sindicais e empresariais. Cómpre sinalar que a designación das persoas representantes das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de carácter intersectorial realizarase de conformidade coas propostas formuladas por estas organizacións, a través dos seus órganos de dirección.

O ámbito de aplicación desta lei serán os órganos de asesoramento e participación dos organismos autónomos e demais entidades de dereito público da Comunidade autónoma, incluídos os organismos dependentes das diferentes consellerías que teñan atribuídas competencias con carácter laboral, social, económico, así como competencias en materia socioeconómica e de fomento do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Cómpre sinalar que a participación institucional, regulada nesta lei, levarase a cabo sen menoscabo da representación que corresponde aos representantes dos diferentes intereses sectoriais nos órganos de carácter sectorial nos que xa están representados.

Dereitos e deberes

Dentro do exercicio da participación institucional, as organizacións sindicais e empresarias desenvolverán as súas tarefas de acordo cós principios de boa fe negociadora e confianza lexitima. Terán dereito a participar nos plans de desenvolvemento rexional, nos plans xerais de actuación sobre o emprego e a formación profesional, nos plans de actuación de desenvolvemento empresarial e industrial e, por último, nos plans xerais de actuación social e sanitaria da cada departamento da Administración autonómica.

As persoas que exerzan funcións de participación institucional terán que asistir ás xuntanzas dos órganos de participación institucional nos que teña legalmente recoñecida a súa presenza, custodiar os documentos aos que se teña acceso, gardar a confidencialidade debida sobre as deliberacións producidas nos órganos de participación e non utilizar esa información para fins diferentes.

En canto á referencia de participación dos órganos de dirección, consellos ou órganos semellantes, tamén poderá facerse efectiva a participación institucional, regulada nesta lei, nos termos que se determinan na normativa reguladora ou de creación de cada entidade pública ou organismo autónomo.

Exclusións

As entidades e organismos que quedan excluídos da aplicación desta lei son as sociedades privadas, fundacións públicas e sociedades mercantís, que se caracterizan por ter un capital de participación maioritario, directo ou indirecto, da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos autónomos, así como as demais entidades de dereito público da Comunidade.

O Goberno fixa o SMI en 624 euros mensuais

Co incremento previsto, o Salario Mínimo Interprofesional gañará poder adquisitivo, ao ser superior ao que previsiblemente subirán os prezos o ano próximo.

Madrid, 26 de decembro de 2008. - O Consello de Ministros aprobou na súa reunión de hoxe por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho, a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2009 que se fixou en 624 euros mensuais, o que supón un incremento do 4% respecto á establecida en 2008.

Con carácter xeral o SMI queda fixado en 20,80 euros ao día, 624 ao mes e en cómputo anual en ningún caso inferior a 8.736 euros. Para os traballadores eventuais e temporais os servizos dos cales a unha mesma empresa non excedan de cento vinte días, o salario non poderá ser inferior a 29,56 euros por xornada. Por último, para os empregados de fogar a contía establecida é de 4,89 euros por hora traballada.


ESPECIAIS CIRCUNSTANCIAS ECONÓMICAS

As novas contías, ademais de tomar en consideración os factores considerados no artigo 27 do Estatuto dos Traballadores, fixéronse tendo en conta dúas circunstancias especiais: en primeiro lugar, o incremento previsto implica a continuación da estratexia que se iniciou en 2004 para a dignificación do salario

mínimo interprofesional, no obxectivo de situalo nun 60% do salario medio, tal e como recomenda a Carta Social Europea. Neste sentido o incremento fixado permite continuar na senda da recuperación de poder adquisitivo e na do cumprimento dos compromisos asumidos polo Goberno.

En segundo lugar, o difícil contexto económico no que ha de fixarse a contía do salario mínimo. A situación económica actual esixe ter en conta á hora de adoptar calquera decisión todos os factores que poidan ter un impacto na creación de emprego. A previsión de que a taxa de inflación teña un comportamento por debaixo dos niveis actuais, xa de por si inferiores aos alcanzados hai poucos meses, debería permitir a continuación dunha moderación salarial que contribuíu de xeito decisivo á creación de emprego nos últimos anos.

A revisión do SMI enmárcase na estratexia de dignificación que desenvolveu o Goberno dende a anterior lexislatura, na que se deu cumprimento ao compromiso electoral de alcanzar os 600 euros mensuais, 140 euros máis que os 460 fixados en 2004, que representou un incremento do 30,3%. Para a presente lexislatura o compromiso é alcanzar os 800 euros en 2012.



XX Aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais



- ▶ O conselleiro de Traballo defende que a prevención de riscos laborais, a estabilidade no emprego e a competitividade deben ser tratadas dun xeito máis innovador e profundo nos convenios colectivos
- ▶ Critica que a negociación colectiva está excesivamente atomizada, fragmentada e dispersa
- ▶ Varela presidiu os actos de conmemoración do 'XX Aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais'.

Santiago, 22 de decembro de 2008.- O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, avogou por facer fincapé na igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva. Salientou que é preciso aproveitar a potencialidade dos convenios colectivos enchéndooos de contidos con plans de igualdade e eliminando discriminacións directas e indirectas. Os axentes sociais- engadido- deben apostar por medidas efectivas, audaces e imaxinativas que corrixan a deficiencia real.

O titular de Traballo presidiu os actos de conmemoración do XX Aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais, no que interviron o presidente do CGRRL, Demetrio Fernández López; o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, Antonio Fontenla Ramil; e o os secretarios xerais de UGT-Galicia, CIG e CC.OO, José Antonio Gómez Gómez, Xesús Seixo Fernández, e Xan M^a Castro Paz, respectivamente.

Varela opinou que a negociación colectiva é susceptible de mellora, tanto nos seus contidos, na súa estrutura, coma nos seus obxectivos. Advertiu que a negociación colectiva está excesivamente atomizada, fragmentada e dispersa e recordou que existe un importante abano de materias a tratar como a prevención de riscos laborais, a estabilidade no emprego, a competitividade e a igualdade. Ao seu xuízo poden e deben ser tratadas dun xeito máis innovador e profundo polos convenios colectivos.

No relativo á igualdade recordou que en 2007 aprobáronse normas que contribuirán de xeito decisivo a mudar unha situación que dista moito de ser satisfactoria. Tanto a Lei orgánica de igualdade como a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, responden a unha necesidade ética e de xustiza social, explicou. Segundo o conselleiro de Traballo resulta inaceptable que en pleno ano 2008 se siga a falar de salarios case un 25% inferiores nas mulleres que nos homes, un desemprego superior e unha taxa de actividade inferior polo mero feito de ser muller.

Ricardo Varela considerou que tanto nesta materia, coma no resto de materias sensibles, antes mencionadas, é onde entra en xogo o importante papel que cumpre o Consello Galego de Relacións Laborais.

Fomento e impulso da negociación colectiva Para o responsable da área laboral da Xunta é ao Consello Galego de Relacións Laborais ao organismo que lle corresponde un importante labor de fomento e impulso da negociación colectiva.

Declarou que é moi importante que a negociación colectiva cubra eidos e materias para dar resposta ás necesidades da sociedade, e dote ao noso sistema de relacións laborais da necesaria seguridade xurídica. Sen dúbida, o Consello debe xogar un papel fundamental en toda esta labor de acadar unha negociación colectiva áxil, eficaz e debidamente estruturada, lembrou.

Varela remarcou que un dos froitos máis significativos do proceso de Diálogo Social foi a aprobación da nova Lei reguladora deste organismo, que o configura como ente público con capacidade xurídica e de obra propias. Unha lei demandada durante anos polos axentes sociais e unha lei que se aprobou neste ano 2008, situando ao Consello como eixe vertebrador das relacións laborais dos vindeiros anos.

Afirmou que os axentes sociais teñen o compromiso do Goberno autonómico e demandoulles que non deixen pasar esta oportunidade, porque a clase traballadora e empresarial, a sociedade galega, en xeral, así lle lo demanda. O conselleiro de Traballo sinalou que a mellora do eido sociolaboral galego, do emprego, da seguridade e da competitividade esixe un exercicio de responsabilidade e unhas miras a medio e a longo prazo máis aló de mirar para intereses puramente particulares.

Obxectivos acadados

Ricardo Varela destacou que en virtude do Acordo polo emprego, integrado por nove acordos, o ritmo de creación de emprego foi de 74 afiliados máis cada día, o que supuxo un incremento do 20% o do anterior Goberno.

Defendeu que a aposta por este modelo produtivo tamén esixía un cambio na evolución do emprego industrial e aclarou que mostra deste cambio é que hoxe hai 11.866 afiliados e afiliadas máis na industria.

A modo de exemplo, Varela explicou que co anterior Goberno o emprego na industria medraba nunha persoa ao día; mentres que co Goberno actual créanse 10 empregos industriais diarios. Pola súa banda, no sector da construción co anterior Goberno creábanse 13 empregos diarios e con este soamente 8.

A Comisión Territorial da Inspección de Traballo en Galicia acorda que os eixes de actuación para o ano que vén serán a prevención de riscos, o control do fraude na contratación e a vixilancia de discriminación a mulleres

- ▶ A Inspección de Traballo intensificará en 2009 un 11,8% a súa actividade planificada
- ▶ O 65% da actividade prevista en relación coa seguridade e saúde laboral centrarase no sector da construción.

Santiago, 26 de decembro de 2008.- A Inspección de Traballo seguirá intensificando o ano que vén o control do cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral por parte das empresas dos distintos sectores de actividade. Non obstante, o sector da construción centrará a atención inspectora, xa que concentrará o 65% da actividade planificada ao respecto da prevención de riscos laborais.

Concretamente, no apartado de seguridade e saúde laboral desenvolveranse 4.907 ordes de servizo planificadas, das que un 65% corresponderán á construción. Xunto con este sector, tamén terán unha atención preferente a actividade pesqueira, a gandeiro-forestal e o naval.

Polo que respecta á construción, seguiranse desenvolvendo as campañas específicas de control de grandes obras, así como as de vixilancia de implantación de medidas preventivas en pequenas e medianas empresas. Con independencia de visitas xerais a outros sectores, desenvolveranse de novo campañas específicas, como o Plan Vixia ou o Segumar, no caso da actividade pesqueira.

O control da prevención de riscos laborais é un dos tres eixes de actuación que terá a Inspección de Traballo en 2009. A Comisión Territorial da Inspección de Traballo en Galicia (integrada pola Consellería de Traballo e o Ministerio) acordou consolidar a política inspectora determinada polo departamento que dirixe Ricardo Varela xa en 2006, de maneira que, xunto coa prevención, seguirase facendo fincapé no control do fraude na

contratación, e na vixilancia das situacións de discriminación laboral a mulleres.

No campo do control da contratación, haberá 895 ordes de servizo (150 máis que en 2008), coa intención de aplicar unha actuación inspectora contundente contra o fraude neste ámbito. Procurarase a conversión de contratos temporais en indefinidos cando o uso da modalidade contractual temporal non se axuste ao marco normativo.

Poloutra banda, dentro da área referente ao emprego e relacións laborais, haberá actuacións especiais para preservar a igualdade efectiva de homes e mulleres no traballo. Atenderán ao acceso ao emprego, á relación laboral propiamente dita (salario, promoción profesional), acoso sexual, cumprimento das obrigas respecto a plans de igualdade, dereitos de conciliación e discriminacións existentes na negociación colectiva.

Prevense neste ámbito 174 ordes de servizo planificadas, á marxe das restantes actuacións inspectoras xa mencionadas, nas que tamén se comprobará e vixiará esta circunstancia.

Asemade, os equipos inspectores controlarán outros posibles supostos de discriminación, como aquela exercida por mor do uso do galego.

Incremento da actividade inspectora

A Inspección de Traballo intensificará en 2009 un 11,86% as ordes de servizo correspondentes á súa actividade planificada. Cómpre precisar que a actividade planificada (aquela que se determina a comezos do ano, e que ascenderá a 23.660 ordes de servizo para 2009) supón soamente o 58,99% da actividade total prevista (40.109 ordes de servizo), dado que un importante número de actuacións constitúen actividade rogada (a que se desenvolve tras unha petición ou denuncia).

A Comisión Territorial da Inspección de Traba-

llo e Seguridade Social en Galicia define cada ano a actividade inspectora que se desenvolverá na Comunidade ao longo do exercicio. O deseño dos obxectivos da Inspección para 2009 conta ademais este ano coa participación activa e institucionalizada das organizacións sindicais e empresariais, en virtude do proceso de Diálogo Social.

A Consellería de Traballo propónse seguir facendo todo o esforzo posible para continuar incrementando o cadro de persoal que traballa en labores de inspección. Nos tres últimos anos estes equipos foron incrementados nun 26%, ao pasar de 42 inspectores a 53. Concretamente o presente ano foron incorporados 5 (un para Lugo, 2 para Ourense e outros 2 para Pontevedra).

Non obstante, o departamento que dirixe Ricardo Varela seguirá demandando o aumento da dotación nas catro provincias, coa cobertura das prazas vacantes e coa consideración preferente para esta Comunidade na asignación de destino para novos cadros inspectores.

Así mesmo, a Comisión Territorial da Inspección de Traballo en Galicia acordou que os 12 técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) habilitados pola Consellería de Traballo para desenvolver tarefas inspectoras na área de prevención de riscos, desenvolverán en 2009 un total de 960 actuacións nos ámbitos da construción, industria, pesca, hixiene e medicina, en permanente coordinación coa Inspección de Traballo.

Por último, cómpre destacar que o protocolo entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a actuación áxil e coordinada ante a vulneración dos dereitos dos traballadores foi ampliado, de tal xeito que terá por finalidade perseguir non só os delitos de resultado, senón tamén os de risco.

O conselleiro de Traballo estima que en 6 meses estará resolto o traspaso da Inspección de Traballo a Galicia

A Coruña, 18 de decembro de 2008.- O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, afirmou que en 6 meses estará resolto o traspaso das competencias da Inspección de Traballo a Galicia. O responsable en materia laboral do Goberno galego fixo estas declaracións na inauguración da nova sede da Dirección Territorial da Inspección de Traballo de Galicia, acto no que tamén participou o delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras, e o director xeral da Inspección de Traballo do Mi-

nisterio de Traballo e Inmigración, Raimundo Aragón Bombín.

Ricardo Varela subliñou que a apertura destas novas instalacións responde á filosofía do que o Goberno galego abordou en materia de Inspección de Traballo ao longo da presente lexislatura. Destacou que a intensificación dos esforzos para acadar unha mellora dos recursos humanos da Inspección de Traballo foi unha constante do departamento que dirixe.

Manifestou o permanente empeño da Consellería de Traballo para conseguir que os equipos inspectores permitan atender a demanda que require a Comunidade Autónoma galega. Neste sentido, subliñou que nos tres últimos anos logrouse o incremento dun 25% do cadro de persoal de inspectores e subinspectores para Galicia. Asemade, a este persoal engadiuse o apoio de técnicos de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería para colaborar na actividade inspectora.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 8 de xaneiro de 2009.- Galicia rematou o ano 2008 sendo a comunidade autónoma do Estado na que se produciu un menor incremento interanual do paro rexistrado. En concreto, con respecto a decembro de 2007, o aumento na comunidade galega foi dun 22,5%. Esta cifra representa algo menos da metade da media estatal de incremento, que acadou un 46,9%.

Ademais, a suba interanual experimentada no pasado mes de decembro é a segunda máis baixa dende o ano 2003. Estes datos demostran que a incidencia da crise económica internacional no emprego é, en Galicia, moi inferior á que se rexistra na media do Estado e na meirande parte das comunidades autónomas españolas. Nos últimos 4 anos a evolución interanual sempre foi mellor ca do Estado, algo que non aconteceu nos tres anos anteriores

A Comunidade galega representa o 6,07% sobre o total do paro rexistrado no Estado, fronte o 7,28% de 2007 ou o 8,74% de 2004.

Datos mensuais

Segundo os datos do Servizo Público de Emprego, dados a coñecer hoxe polo Ministerio de Traballo e Inmigración, Galicia experimentou con respecto ao mes anterior unha suba do paro rexistrado de 9.083 persoas. O incremento porcentual con respecto ao mes anterior foi dun 5,02%, cifra semellante á do mesmo mes do ano 2003. A pesar do incremento, a media de paro rexistrado en Galicia en 2008 sitúase con 14.356 demandantes menos que en 2004.

O número total de parados rexistrados en decembro de 2008 é de 189.903 persoas, das que un 10,2% son menores de 25 anos e un 55,8% mulleres. En relación con decembro de 2007 incrementábase o paro rexistrado en 34.921 demandantes, un 22,53%.


A media dos últimos 12 meses de paro rexistrado é de 162.512 persoas. Dende decembro de 2004 o promedio dos últimos 12 meses tense

reducido en 14.356 demandantes, un 8,1%. Deses, 7.106 son mozos menores de 25 anos e 10.396 mulleres.

Hai 1.169 novas demandas neste mes que proceden de contratos rematados noutras Comunidades Autónomas. Os demandantes procedentes de Madrid, Canarias e Castela e León suman case o 41,5% destas altas.

No que vai de ano o número de demandas que teñen chegado a Galicia doutras comunidades autónomas é de 11.241 persoas. Esta situación supón que un de cada tres parados nos que se incrementou o desemprego este ano procede doutros puntos do Estado.

En relación coa súa composición por idade e xénero, hai 83.966 homes, dos cales un 13,1% son mozos menores de 25 anos, e 105.937 mulleres, das que un 8% son menores de 25. Os homes representan un 44,2% e as mulleres un 55,8% do total de demandantes. Os homes incrementan o



paro en 7.638 demandas e as mulleres en 1.445. Pola súa banda, o paro rexistrado entre as mulleres menores de 25 anos descende en 230 demandas.

A variación interanual do mes de decembro de 2008 supón un incremento do 22,53% en relación co mesmo mes do ano pasado. O incremento de mulleres desempregadas é dun 10,48% e o dos homes dun 42,1%.

Datos de contratación

En decembro de 2008 rexistráronse un total de 50.420 contratos, dos que un 10,2% (5.131) foron indefinidos. O conxunto da contratación diminuíu un 5,7% sobre o mes de novembro e un 9,7% sobre decembro de 2007.

No sector primario rexistrouse o 2,3% do total de contratos e o 6,6% dos fixos. A pesca supuxo o 1,3% da contratación e o 4,9% dos indefinidos; a industria supuxo o 6,8% dos contratos e o 13,7% dos indefinidos; e a construción o 7,6% sobre o total e do 10,6% dos indefinidos. O sector servizos, que representa o 83,3% dos contratos, supón o 69,1% dos indefinidos.

Entre as actividades económicas que fixeron reducir o peso da contratación indefinida sobre o total de contratos cómpre destacar Outras actividades empresariais, que a pesar de representar o 27,4% dos contratos rexistrados, soamente supuxo o 9,3% dos indefinidos.

É de destacar o incremento do peso da contratación indefinida nos sectores nos que o ano pasado se acadou un pacto sectorial de estabilidade. Mentres a media dos contratos indefinidos sobre o total de contratos é do 10,2%, no conxunto dos sectores con Pacto de Estabilidade foi do 15,8%, un 55% máis.

Afiliación á Seguridade Social e paro rexistrado

Na análise e valoración do paro rexistrado é preciso ter en conta as posibilidades que poden ter os desempregados á hora de atopar un traballo.

Estas, en boa medida, dependen do número de empregos existentes. Para contextualizar o volume de desemprego existente é importante analízalo en relación co número de afiliados.

No mes de decembro de 2008 houbo 1.054.680 afiliados, dos que o 73,06% están no Réxime Xeral, o 22,14% no Réxime de Autónomos, o 0,42% no Réxime Especial Agrario por conta allea, o 2,41% no Réxime do Mar e o 1,97% no de Empregados do Fogar. En relación co mes de novembro prodúcese un descenso de 10.294 afiliados, o 0,97%. Esta variación é inferior á producida no conxunto do Estado, cun descenso do 1,02%.

Balance do emprego en 2008

No ano 2008 a media de parados rexistrados nas oficinas de emprego galegas foi de 162.512 demandantes, dos que o 9,8% son menores de 25 anos e o 60,2% son mulleres. A media anual do paro rexistrado de 2008 supón un incremento de 11.966 demandantes en relación con 2007 (un 7,9%). Malia a crise, o paro de 2008 sitúase nun nivel similar ao do 2006, 1.236 parados máis, e moi por debaixo do dos anos anteriores: 9.559 menos que en 2005, e 14.356 menos que en 2004.

Se tomamos como punto de partida o ano 2004, os demandantes galegos representaban o 8,37% do total do paro rexistrado no Estado. En 2006 o seu peso reduciuse ata o 7,91%, en 2007 ata 7,38% e no 2008 representa o 6,40%. Nestes 4 anos Galicia adecúa o peso do seu paro ao da súa poboación, reducindo case na cuarta parte (nun 23,54%) a súa participación no paro estatal. Esta converxencia realízase tanto porque en 2006 e 2007 o paro rexistrado en Galicia diminuíu máis ca media estatal, como porque en 2008 tese incrementado menos.

O ano 2008 rematase cunha afiliación media de 1.077.659, o que supón un incremento de afiliación de 4.260 persoas máis que no ano 2007 e 104.320 máis ca media do ano 2004.

BIT's

Traballo destinará un orzamento de preto de 54 millóns de euros á posta en marcha de accións formativas para desempregados

A Consellería de Traballo vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 245, do 18-12-08), a orde pola que se establecen as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a convocatoria para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados para o ano 2009. Ademais, coa publicación desta orde tamén abre a posibilidade de solicitar a concesión de anticipos do 65% das axudas destinadas ás actuacións de formación para os traballadores desempregados, que contarán cun presuposto inicial que ascende a preto de 54 millóns de euros.

Os concellos galegos recibirán máis de 490 millóns do Fondo de Inversión Local do Goberno estatal

Santiago, 18 de decembro de 2008.- O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, adiantou que os concellos galegos percibirán máis de 490 millóns de euros do Fondo de Inversión Local aprobado polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero. O máximo mandatario galego salientou algunhas das características destas axudas –que para toda España ascenderán a 8.000 millóns de euros– como a obrigatoriedade de aplicarse a obras de nova planificación, que o fondo non pretende substituír os investimentos das entidades locais, senón duplicalos, e a de contratar persoal que se encontre en situación de desemprego.

Traballo aposta por vertebrar plans de actuación política para acadar a igualdade laboral entre homes e mulleres

Pontevedra, 10 de decembro de 2008.- A directora xeral de Relacións Laborais, Pilar Cancela Rodríguez, repasou as distintas políticas de emprego e formación postas en marcha polo Goberno Galego, a través da Consellería de Traballo, dirixidas especificamente as mulleres de Galicia. Entre elas salientou o fundamental cambio no marco lexislativo definido na Lei do traballo en igualdade das mulleres e homes de Galicia, unha lei pioneira no Estado, que ten un carácter absolutamente transversal e que abrangue múltiples medidas para rematar coa discriminación horizontal e vertical do colectivo feminino. Así, destacou, por exemplo, a regulación dos plans de igualdade nas empresas, os bancos do tempo, a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, de formación e de prevención de riscos ou o reforzamento da participación da muller no deseño das políticas laborais.



NORMATIVA DOG

- ▶ Orde do 17 de outubro de 2008 pola que se aproba o Plan de inspección de seguridade mineira para o período 2008-2009 da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 234, do 2-12-08).
- ▶ Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública. (DOG nº 235, do 3-12-08).
- ▶ Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a pequenas e medianas empresas (Pemes) para a realización de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. (DOG nº 235, do 3-12-08).
- ▶ Orde do 27 de novembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao ano 2008, convocadas pola Orde do 6 de novembro de 2008. (DOG nº 235, do 3-12-08).
- ▶ Orde do 27 de novembro de 2008 pola que se establecen, con carácter excepcional para o exercicio 2009, as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración exclusivamente cos concellos galegos que teñan empadroados traballadores e traballadoras que perdesen o seu posto de traballo nas empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos de lousa como consecuencia da actual situación económica, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 235, do 3-12-08).
